

D I T A M E

Ditame
11/06

sobre o anteproxecto de
**Lei galega para a
inserción laboral
das mulleres**



APROBADO POLO PLENO O 4 DE OUTUBRO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

■ ANTECEDENTES

1.- En data 23 de xuño tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei galega para a inserción laboral das mulleres.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, o mesmo día 23 de xuño, da entrada de solicitude de ditame.

3.- Nesa mesma data, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 4 de xullo, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 22/06, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 2 de outubro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/06, de 4 de outubro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de galega para a inserción laboral das mulleres

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O obxecto do presente anteproxecto de Lei de galega para a inserción laboral das mulleres é a integración da dimensión de igualdade de oportunidades nas competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais.

O texto estrutúrase en oito Títulos compostos de 55 artigos, oito Disposicións Adicionais, unha Disposición Derrogatoria, tres Disposicións Finais e un Anexo.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a inclusión, na documentación enviada a este Consello, xunto co anteproxecto de Lei, das correspondentes Memorias xustificativa e económica.

O Consello entende que sería conveniente avanzar previsións temporais concretas sobre o establecemento dunha axeitada rede de servizos públicos, que facilite a posta en funcionamento dos plans de igualdade e das demais medidas normativas propostas no presente anteproxecto de Lei.

2.- O CES expresa novamente a súa posición crítica coa práctica lexislativa consistente na modificación, a través da norma que se somete a Ditame, de outras leis de grande importancia, como as da Función Pública ou a de Cooperativas, producindo unha indesexable dispersión normativa.

3.- O Consello Económico e Social, en termos xerais, quere destacar a habilitación de novas medidas coa finalidade de promover a inserción laboral

das mulleres e o establecemento das accións de desenvolvemento de plans de igualdade nas empresas que se detallan, mentres que resultan meramente enumerativos outros aspectos, como os relativos a formación, políticas activas de emprego, etc.

O CES considera que debería terse incluído de forma transversal a muller dos sectores primarios, tanto rural (recoñecendo o traballo efectuado polas mulleres neste sector, con medidas de acción positiva para mellorar a educación e formación, así como facilitando a súa incorporación e permanencia no medio rural), como do sector marítimo-pesqueiro.

Finalmente, e compartindo a conveniencia de xerar espazos de participación do movemento asociativo das mulleres, o CES entende que se deberían respectar o papel, as competencias e as funcións dos axentes sociais en materia de participación institucional e negociación nas materias de emprego e relacións laborais.

4.- O Capítulo II do Título VI do presente Anteproxecto de Lei Galega para a Inserción Laboral das Mulleres regula os Plans de programación do tempo da cidade que teñen por finalidade a coordinación dos horarios da cidade coas esixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía, obrigando a unha permanente revisión e adaptación de tales horarios.

O CES entende que dentro destes Plans deberían incluírse medidas de conciliación da vida laboral e familiar dirixidas a promover a apertura de liñas de investigación orientadas a adaptar os tempos e os horarios laborais, tendo en conta os requerementos dos sectores produtivos, ás necesidades e ao ciclo vital das persoas, así como que, as posibles medidas que diso se deriven, se teñan en consideración aos efectos dos apoios técnicos e económicos que se desenvolven no artigo 12 do presente Anteproxecto de Lei.

5.- No que respecta á **exposición de motivos** do Anteproxecto de Lei obxecto de ditame por este Consello, o CES entende que a natureza da materia sobre a que se vai legislar, aconsella incluír na citada exposición de motivos unha síntese da situación que afecta ás mulleres galegas en canto a emprego, formación profesional, saúde laboral e conciliación da vida familiar e laboral, para a que poden ser tidos en conta os diferentes informes sobre a

materia, emanados deste Consello Económico e Social de Galicia, así como do Consello Galego de Relacións Laborais.

Neste senso, a caracterización que se fai do mercado laboral galego debería fuxir de afirmacións tan contundentemente xeneralistas como:

“A situación de discriminación na que se desenvolven a maior parte das mulleres cando acceden ao mercado laboral maniféstase (...) na persistencia de altos niveis de discriminación salarial; na existencia de menores oportunidades no desenvolvemento da carreira profesional (...) traballos sen contrato; (...) nunha cultura masculinizada das organizacións que non aprecia os perfís e habilidades achegadas polas mulleres (...).”

“A configuración do mercado laboral entre mulleres e homes en función de traballos reprodutivos e produtivos foi designada como segregación horizontal e no seo do mercado de traballo tradúcese en que as mulleres realizan traballos que non son outra cousa que prolongacións das tarefas reprodutivas realizadas no ámbito doméstico e que agora tamén se inscriben no ámbito laboral; nesta ocasión retribuídas, pero cunha retribución normalmente moi inferior á prevista en traballos de igual valor realizados maioritariamente por homes”.

O CES entende que serían redaccións máis axeitadas as seguintes:

“ A situación de discriminación da muller cando accede ao mercado laboral maniféstase entre outras formas na persistencia de altos niveis de discriminación salarial; na existencia de menores oportunidades no desenvolvemento da carreira profesional (...) traballos sen contrato; (...) nunha cultura masculinizada das organizacións que non aprecia os perfís e habilidades achegadas polas mulleres (...).”

“A configuración do mercado laboral entre mulleres e homes en función de traballos reprodutivos e produtivos ten sido designada como segregación horizontal, segregación que consiste en que a muller realiza traballos que non son outra cousa que prolongacións das tarefas reprodutivas realizadas no ámbito doméstico e que agora tamén se inscriben no ámbito laboral; nesta ocasión retribuídas, pero cunha retribución normalmente moi inferior á prevista en traballos de igual valor realizados maioritariamente por homes”.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 3 do Anteproxecto de Lei define os principios de discriminación directa e indirecta, e acoso moral e sexual por razón de xénero.

Con posterioridade á solicitude de ditame deste proxecto normativo, prodúcese a entrada en vigor, o día 15 de agosto de 2006, da Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á aplicación do principio de Igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación (refundición), cuxo prazo de transposición ao dereito interno estatal é de dous anos.

O CES entende que todas as definicións contidas no artigo 3 do presente anteproxecto de lei obxecto de ditame, deberían adaptarse ás novas definicións que establece a antedita Directiva.

2.- O artigo 4 do Anteproxecto de Lei galega para a Inserción Laboral das Mulleres regula a excepción de boa fe ocupacional.

O CES entende que se debería de incluír, no apartado 1 do presente artigo 4, que este precepto se redacta de acordo coa Directiva 2006/54/CE, mencionada na anterior consideración particular, Directiva que derroga expresamente á anterior Directiva 2002/73/CE.

3.- O artigo 5 da norma sometida a ditame regula os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O CES entende que se debería de modificar a redacción do presente artigo do seguinte xeito:

*“Os dereitos (...) configuración do seu tempo, **promoverán** a corresponsabilidade (...) de persoas dependentes mediante **tanto** a individualización dos dereitos **como** do fomento da súa (...)”.*

4.- O artigo 6 do Anteproxecto de Lei regula as actuacións de sensibilización da cidadanía e, en particular, das e dos suxeitos intervinientes nas relacións de emprego.

No **apartado 1** do citado **artigo 6**, o CES entende que se debería de cambiar a expresión “*das e dos suxeitos*” por “*dos suxeitos*”.

No **apartado 2** do **artigo 6**, o CES entende que se debería de cambiar a expresión “*no que sexa requirida coas actuacións de sensibilización*” por “*no que sexa requirida nas actuacións de sensibilización*”.

5.- O artigo 10 do Anteproxecto de Lei regula a transparencia na implantación do plan de igualdade.

O Consello Económico e Social considera que debería suprimirse o inciso “*calquera persoa con interese lexítimo, e especialmente (...) e asociacións de mulleres*” que figura neste artigo, engadíndose unha referencia, entre os organismos públicos, a aqueles que sexan competentes na materia de Traballo.

O CES entende que se debería de incluír a posibilidade de que as asociacións de mulleres poidan dirixirse á Administración para solicitar información relacionada cos Plans de Igualdade así como do seu grao de cumprimento. En todo caso, a Administración cando facilite os datos solicitados, deberá respectar a intimidade persoal, a privacidade e os demais dereitos fundamentais.

6.- O artigo 11 do presente texto obxecto de ditame regula a voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade.

O CES considera que no presente artigo 11 debería incluírse a necesidade de que a Administración regule a implantación de Plans de Igualdade nas empresas que presten servizos ou realicen contratos coa mesma, de acordo coa natureza e contido da relación contractual mantida.

Por outra banda, o CES entende que o **apartado 2** do artigo 11 debería modificarse de xeito que a redacción do mesmo quedase como segue:

“2.- Tamén serán obrigatorios nos termos pactados, cando se estableza nun convenio colectivo.”

7.- O **artigo 12** do Anteproxecto de Lei galega para a Inserción Laboral das Mulleres establece o apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas de promoción da igualdade.

O **apartado 3** do **artigo 12** sinala que tamén se poderán convocar axudas para a implantación voluntaria ou imposta en convenio colectivo de ámbito superior á empresa de medidas concretas de promoción da igualdade, incluíndo acción de responsabilidade social.

O CES entende que se debería de engadir neste apartado a expresión ***“en especial a vixilancia da valoración de postos de traballo e da estrutura salarial e extra salarial”***.

O **apartado 4** do **artigo 12** sinala que a convocatoria de axudas tomará en consideración o ámbito de implantación do plan de igualdade.

O CES entende que neste apartado deberían delimitarse os conceptos de *“empresas de fóra de Galicia”* e *“empresas de ámbito galego”*, definindo estes conceptos en función do seu domicilio social.

8.- O **artigo 13** do Anteproxecto de Lei obxecto de ditame por este Consello establece a voluntariedade das accións de responsabilidade social das empresas en materia de igualdade.

O **apartado 1** do **artigo 13** establece a posibilidade da empresa de asumir accións de responsabilidade social coa finalidade de mellora-la situación de igualdade.

O segundo parágrafo do citado apartado 1 establece que as accións poderán ser asumidas con calquera organismo público a través de certos tipos de medidas e coa finalidade *“(…) de mellorar a situación de igualdade entre as mulleres e os homes no seo da empresa e/ou no seu contorno social”*.

O CES propón a eliminación da expresión “*no seo da empresa e/ou*” do parágrafo anteriormente sinalado.

O **apartado 2 do artigo 13** establece que, cando ao abeiro das accións de responsabilidade social en materia de igualdade, se lles recoñecesen dereitos aos traballadores, estes dereitos serán esixibles como os demais dereitos nados do contrato de traballo.

O CES entende que debería modificarse este apartado 2, de xeito que se redacte da seguinte forma:

*“2. Malia a voluntariedade (...), cando ao seu abeiro se lles recoñecesen **dereitos laborais individuais** aos traballadores ou traballadoras, eses dereitos serán (...).”*

9.- O artigo 14 do Anteproxecto de Lei establece o control de publicidade sobre a implantación de accións de responsabilidade social das empresas en materia de Igualdade.

O CES considera que a expresión “(...) poderán solicitar xudicialmente o cesamento da publicidade como publicidade enganosa (...)” debería substituírse pola seguinte expresión:

*“(...) **solicitarán** xudicialmente o cesamento da publicidade como publicidade enganosa (...).”*

10.- O artigo 16 do Anteproxecto de Lei regula a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

O **apartado 3 do artigo 16** establece que coa finalidade de obter a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, as empresas deberán presentar un balance sobre os parámetros de igualdade real. Ditos parámetros están establecidos no **artigo 18.1** do presente Anteproxecto de Lei, dentro dos que o apartado e) sinala como parámetro de igualdade a publicidade non sexista dos produtos e servizos da empresa.

O CES considera que se debería de solicitar informe ao Consello Galego de Consumo sobre o cumprimento deste parámetro de igualdade.

O **apartado 4 do artigo 16** establece que a Administración autonómica competente solicitará un informe ás e aos representantes de traballadores e traballadoras na empresa, aos sindicatos máis representativos e aos sindicatos con implantación notoria na empresa.

O CES considera que, en aras de fomenta-la aplicación das medidas de igualdade reguladas nesta lei, sería conveniente implicar ás asociacións empresariais que gocen de capacidade representativa, á hora de informar no procedemento de concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

11.- O artigo 18 do Anteproxecto de Lei obxecto de análise establece os parámetros de Igualdade da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

O **apartado 1** deste **artigo 18** establece os parámetros de igualdade.

O CES propón a inclusión dentro deste apartado dun novo ítem f) que estableza outro parámetro de igualdade referido ás medidas adoptadas pola empresa en materia de prevención de riscos laborais das mulleres.

12.- O artigo 19 do Anteproxecto de Lei establece os dereitos e facultades derivados da obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade

No **apartado 2º** deste artigo establécese que a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permitirá beneficiarse dunha subvención autonómica. O CES entende que esta subvención autonómica debe ter en conta un criterio en función da proporción inversa do tamaño do cadro de persoal das empresas.

No **apartado 3º** do presente **artigo 19** establécese que a Marca Galega de Excelencia en Igualdade supón unha preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as proposicións presentadas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

O CES valora positivamente a intencionalidade do texto sinalado, máis considera que este apartado é de moi difícil aplicación por existir unha posible confrontación coa normativa comunitaria dada a non existencia na Comunidade Autónoma de normativa propia de contratación administrativa.

13.- O artigo 20 do Anteproxecto de Lei obxecto de ditame regula o control de execución e renovación do dereito, en relación á Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

O CES entende que, en coherencia co apartado 4 do artigo 16, debería contemplarse tamén neste artigo 20 a solicitude dun informe ás e aos representantes de traballadores e traballadoras na empresa, aos sindicatos máis representativos e aos sindicatos con implantación notoria na empresa, así como ao Consello Galego de Consumo no que respecta ao parámetro de igualdade e publicidade dos produtos e servizos prestados pola empresa.

O CES entende que, en coherencia coa consideración feita ao artigo 16.4, deberían incluíse neste artigo a solicitude de informe ás organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa.

14.- O artigo 23 do Anteproxecto de Lei regula a Composición da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

O CES considera que, habida conta de que a citada Comisión Consultiva, tal como se expón no artigo 22 do presente Anteproxecto de Lei, está adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, a inclusión na súa composición de membros da administración rompe o carácter bipartito e paritario do Consello Galego de Relacións Laborais, polo que o CES propón a eliminación desta disposición.

Por outra banda, o **ítem f)** do citado **artigo 23** prevé a participación nesta Comisión Consultiva, de tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade.

O CES considera que a designación destas persoas debería facerse

mediante consenso das representacións da propia Comisión que ostentan dereito a voto.

15.- O artigo 27 do Anteproxecto de Lei establece o fomento da composición equilibrada da representación legal de traballadores e traballadoras de Galicia.

No **apartado 2** deste artigo, establécese que “(...) a *Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade* (...) *poderá elaborar (...) recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada de mulleres e homes atendendo ao número de mulleres e de homes do censo electoral*”.

O CES considera que débese substituír a expresión que figura na última liña “*atendendo ao número de mulleres e de homes do censo electoral*” pola de “*atendendo ao número de mulleres e de homes do censo de cada unidade electoral*”.

16.- O artigo 28 do anteproxecto de Lei Galega para a Inserción Laboral das Mulleres regula a composición equilibrada da participación institucional dos sindicatos e das asociación empresariais, establecendo que cada sindicato ou asociación empresarial exercerá os seus dereitos de participación institucional en calquera organismo da Comunidade Autónoma de Galicia conforme a criterios de equilibrio entre ambos os sexos.

Independentemente de que nestes momentos na Mesa 2 de diálogo social, entre a Xunta de Galicia, a organizacións empresariais e as organizacións sindicais, se está a debater un borrador do Anteproxecto de Lei de Participación Institucional dos interlocutores sociais, o CES considera que a regulación que figura no artigo 28 do presente anteproxecto, debería substanciarse no devandito borrador, cunha maior concreción en canto á participación equilibrada de ambos sexos nos distintos organismos.

17.- O artigo 32 do Anteproxecto de Lei obxecto de ditame establece as medidas de acción positiva nas actividades de formación.

Neste artigo establécese que en calquera das actividades de formación pro-

fesional regulada, ocupacional e continua ou de inserción laboral activa, poderanse convocar exclusivamente mulleres ou prever na convocatoria unha maioría de mulleres.

O CES considera que, especialmente na formación continua, a aplicación deste precepto pode obrigar a deixar fóra de accións formativas a traballadores que precisan da devandita formación como medida de mellora da súa empregabilidade e cualificación, así como poden existir condicionantes que impidan cumprir co requisito de que o 50% mínimo da participación sexa feminina o que conlevaría a imposibilidade legal de implementar as accións.

A pesar do sinalado anteriormente, o CES avoga por manter o carácter preferente do colectivo de mulleres.

18.- O Capítulo I do Título VI regula os bancos municipais de tempo.

Os bancos municipais de tempo, segundo os define o anteproxecto, veñen a ser unha rede comunitaria de voluntariado, na que só se prevé a contratación de persoal en casos excepcionais. Consideramos que a inserción laboral das mulleres galegas e a conciliación da vida familiar e laboral, non deberían ser abordadas desde a utilización da solidariedade da veciñanza.

O CES considera que a base de datos de persoas demandantes vai estar tamén feminizada, polo que contribuírase a manter unha vez máis as estereotipos e a gratuidade do traballo desempeñado por mulleres. Indo máis aló, as substitucións poderíanse exercer dun xeito clientelista, por recomendación expresa da persoa coidadora á persoa que substitúa.

Considerando que non se pode sustentar a política de conciliación e de inserción laboral das mulleres no voluntariado, o CES solicita a retirada deste Capítulo.

19.- Os artigos 51 e 52 do Anteproxecto de Lei regulan o Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais así como as súas funcións

O CES considera que a participación institucional en materia de Emprego

e Relacións Laborais compete aos axentes sociais, e facilitar a participación social de representacións de asociacións de mulleres nos seus foros específicos non ten que supoñer a alteración do modelo de relacións laborais e de participación institucional que desenvolve a norma constitucional con criterios de representatividade.

Débense definir as súas funcións e non introducir confusións, nin problemáticas cunha participación que entendemos que se debe de fomentar sen alterar o modelo de relacións laborais e de participación institucional dos axentes sociais.

Por razóns de boa técnica xurídica, o CES considera que debe suprimirse o **apartado 3 do artigo 51**.

20.- A Disposición Adicional Primeira establece a modificación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

O CES entende que, ademais das modificacións que figuran no anteproxecto, deberíase modificar tamén o artigo 33, engadíndolle un segundo parágrafo, sobre a implementación regulamentaria, por parte da Consellería de Traballo, de liñas de axuda por contratación de persoal destinado a asesorar na elaboración de plans municipais de igualdade.

21.- A Disposición Adicional Segunda establece as modificacións das condicións de emprego na Administración Pública Galega.

O CES valora positivamente certas propostas incluídas en relación á función pública, aínda que entende que se está a contribuír a un solapamento e posible duplicidade nas modificacións legais da mesma, plantexándoas nesta lei de inserción laboral, por canto que se está a realizar a negociación da súa reforma na Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, produto da que, en datas coincidentes coa finalización do presente ditame, tivo entrada neste Consello o Anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1998, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

22.- A Disposición Adicional Sexta establece as actividades feminizadas realizadas sen remuneración nin recoñecemento profesional.

O CES considera conveniente integrar un novo ítem l) que inclúa ás inmigrantes.

23.- Anexo da Lei

No título do anexo, mencionase ao final unha disposición adicional novena, que non existe, entendendo o CES que o texto se refire á Disposición Adicional sétima.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2006

■ VOTO PARTICULAR

DITAME DO CES-GALICIA AO ANTEPROXECTO DA
LEI GALEGA PARA A INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan nalgúns aspectos do contido do Ditame aprobado polo Consello Económico e Social de Galicia na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 4 de outubro de 2006 sobre o Anteproxecto de Lei, ao non estar de acordo con certos puntos da redacción proposta neste.

O anteproxecto aborda en distintas disposicións do mesmo o establecemento de medidas de acción positiva, a través da definición do principio de representación ou composición equilibrada, introducindo con isto elementos de confusión en canto á súa posible interpretación e esixibilidade.

Xa concretamente regula, no **artigo 15**, a promoción da participación das mulleres nos consellos de administración das empresas.

Este precepto obriga as empresas con consellos de administración domiciliadas en Galicia a remitir, dentro do mes de xaneiro de cada ano natural, información desagregada por sexos sobre a composición dos seus consellos de administración.

Á vista da información recibida, o departamento da Administración competente en materia de traballo, oído o departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, emitirá unha nota pública favorable ou unha recomendación privada sobre o incremento gradual da participación das mulleres nos consellos de administración.

O Grupo Segundo considera que a designación dos conselleiros é unha facultade que se entende comprendida na liberdade de empresa e que se

leva á práctica sobre criterios de competencia e aplicación de códigos de boas prácticas, polo que unha recomendación deste tipo é unha intromisión na liberdade empresarial que non ten en conta os principios de eficiencia, idoneidade, mérito e capacidade.

En opinión do Grupo Segundo, o respecto aos mencionados principios esixiría un cambio na redacción do anteproxecto no senso de introducir a composición equilibrada nos consellos de administración como un aspecto máis que ter en conta para a concesión da denominada Marca Galega de Excelencia en Igualdade, eliminando o procedemento regulado no art. 15.

Por outra parte, o **artigo 25** do anteproxecto de lei establece o acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

O apartado 1 do artigo 25 regula que o Consello Galego de Relacións Laborais promoverá a convocatoria da Administración, asociacións empresariais e sindicatos co obxectivo de lograr un acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A modificación proposta polo anteproxecto supón incorporar contidos de negociación que a normativa vixente non reserva hoxe en día a outras materias, quebrando o principio de autonomía do Consello Galego de Relacións Laborais e das partes na negociación, e introducindo, como parte dun acordo marco deste tipo, a propia Administración.

Por outra parte, este Grupo Segundo quere salientar que nestes momentos se está a negociar, no marco da Mesa 2 do proceso de diálogo social aberto co asinamento da Declaración institucional do 5 de novembro de 2005, a reforma da Lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais e tamén aspectos da propia negociación colectiva, polo que non deixa de sorprendere que estes contidos se traten de incorporar parcialmente ao texto dun anteproxecto cando están sendo obxecto de debate no marco do diálogo social, argumento que é extensible tamén á creación dunha comisión consultiva autonómica para a igualdade na negociación colectiva e á elaboración dun código orientativo de boas prácticas en igualdade.

Polas razóns expostas, o Grupo Segundo non comparte os aspectos relacionados neste voto particular, por non incorporarse ao Ditame do Consello Económico e Social de Galicia ao Anteproxecto de lei galega para a inserción laboral das mulleres.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2006

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano